



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400 Fax: 981 546 597

galicia

Expediente:	02.B.148.2015.001
Código SXPA:	ED 102A 2015/201-0

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA OS TRABALLOS DE TOMA DE MOSTRAS DO PROXECTO FORSEADISCOVERY, 2015

Antecedentes

1.- Con data 20 de maio de 2015, D. Miguel San Claudio Santa Cruz, de Archeonauta S.L., presenta a solicitude de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para a realización da actividade arqueolóxica que se describe como segue:

Título do proxecto: *Traballos de toma de mostras do proxecto ForSeaDiscovery*
Arqueólogo solicitante: *D. Miguel San Claudio Santa Cruz* Autor do proxecto: *D. Miguel San Claudio Santa Cruz*
Promove: *Miguel San Claudio Santa Cruz.*

2.- Con data 27 de maio de 2015, logo do exame do proxecto de referencia, o Servizo de Arqueoloxía emite o correspondente informe.

Consideracións Legais

1.- Os artigos 57 e seguintes da Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia.

2.- O Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude dos artigos 3 e 8 do citado Decreto 199/1997,

RESOLVO:

1.- Autorizar a D. Miguel San Claudio Santa Cruz, na súa cualidade de arqueólogo solicitante, para a realización do proxecto "Traballos de toma de mostras do proxecto ForSeaDiscovery" que se clasifica como actividade de investigación. O tempo de execución será de **22 días**.

2.- Os traballos suxeitaránse ás seguintes condicións:

a) Antes do inicio da intervención deberá remitirse copia dos certificados de cumplir os requisitos para inmersión e tráfico mariño, así como os permisos que fosen necesarios das administracións correspondentes conforme ó establecido no artigo 6.c do Decreto 199/1997.

b) Os materiais arqueolóxicos e demás documentación complementaria depositaranse provisionalmente no **Museo do Mar de Galicia**, no prazo de doce meses.

c) O arqueólogo autorizado deberá comunicar as datas de inicio e remate da actividade. Ao remate da actuación, e nun prazo máximo de un mes, presentarase un informe preliminar da mesma e os datos dos xacementos arqueolóxicos nos modelos normativizados, e no prazo de doce meses a memoria interpretativa e copia da acta de depósito estendida polo responsable legal do Museo. Unha copia desta documentación presentarase en soporte dixital

d) No non previsto nesta resolución, observarase o disposto nos artigos 9 a 16 do citado Decreto 199/1997.

3.- Esta autorización concédese sen preuizo doutras autorizacións ou licenzas que sexan necesarias, se é o caso, por aplicación doutras lexislacións sectoriais.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interponer recurso de alzada perante a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010 de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2015

Autorizada pola Directora Xeral do Patrimonio Cultural

Por sucesión (Resolución 22.05.2015)

Quedan reservados os derechos de autoría

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

José Otáñez Barcalo

